

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

DESTINATARIO TABOLEIRO DE ANUNCIOS

Pola presente publicase o contido do Decreto 723/2017 de data 24.11.2017 no que se convoca a sesión do Pleno do Concello.

EXPEDIENTE DE CONVOCATORIA DA SESIÓN ORDINARIA DE PLENO DE MÉRCORES 29 DE NOVIEMBRE DE 2017

EXPEDIENTE Nº 2017/G010/000012

“Descrición decreto: EXPEDIENTE DE CONVOCATORIA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DE 29.11.2017

EXPEDIENTE Nº 2017/G003/000773

DON BERNARDO FERNANDEZ PIÑEIRO ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA).

En uso das atribucións que me confiren os artigos 21.1 c) da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e art. 80 do regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais de 28 de novembro de 1986 e arts. 61.1.c da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia, e tendo en conta a relación de expedientes conclusos redactada pola Secretaría municipal o día 24/11/2017, conforme ao establecido nos artigos 81.1.a) e 177.2 do RD 2568/86, do 30 de novembro, e o artigo 2 a) do RD 1174/1987, do 18 de setembro, **RESOLVO:**

PRIMEIRO. - Convocar a todas as concelleiras e concelleiros membros do concello Pleno á Sesión Ordinaria que terá lugar no Salón de Sesións da Casa do Concello, o próximo mércores **29/11/2017 ás 12:00 horas** en primeira convocatoria e, no caso de que non existira o quórum preceptivo na primeira convocatoria e segundo o disposto no art. 90 R.O.F., entenderase convocada a sesión automaticamente a mesma hora dous días despois.

SEGUNDO. - Fixar para a devandita sesión a seguinte **ORDE DO DÍA:**

- 1. RATIFICACIÓN DE CAMBIO DE DATA DE CELEBRACIÓN DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO.**
- 2. LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTEIROR.**

- SESIÓN ORDINARIA DE 26.10.2017

- 3. CAMBIO DE DATA DE CELEBRACIÓN DAS SESIÓN ORDINARIAS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL.**



4. MODIFICACIÓN DOS ESTATUTOS DA “ASOCIACIÓN DE CONCELLOS DO CAMIÑO INGLÉS”.
5. APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A ENTIDADE PÚBLICA EMPRESARIAL AUGAS DE GALICIA, O ENTE PÚBLICO PORTOS DE GALICIA E O CONCELLO DE PONTEDEUME EN RELACIÓN COA OBRA “MELLORAS NO SANEAMENTO EN CABANAS E PONTEDEUME. FASE I”.
6. SOLICITUDE ACOPIOS OBRA -REHABILITACION E AMPLIACION DO MERCADO MUNICIPAL DE PONTEDEUME.
7. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR SOBRE MEDIDAS DE MELLORAS DE SEGURIDADE VIAL EN CAMPOLONGO (VILAR).
8. DAR CONTA INFORME INTERVENCIÓN 121.2017 PMP E MOROSIDAD E ADXUNTOS
9. ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO: MOCIÓNS URGENTES.
10. ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO: DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA.
11. ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO: ROGOS E PREGUNTAS.

TERCEIRO.- Que a presente sexa notificada en tempo e forma a todas as persoas que deben de asistir ao Pleno, así como á Secretaria Xeral e á Interventora Municipal, e publicar no taboleiro de anuncios do concello e no portal de transparencia do Concello. (www.pontedeume.gal)

CUARTO.- Dar conta ao Pleno da corporación na seguinte sesión que se celebre en cumprimento do establecido no artigo 42 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, por lo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

En Pontedeume, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo Sr. Alcalde D. Bernardo Fernández Piñeiro, do que eu, D^a. Ana Ramos Ramos, como Secretaria, dou fe. (Asinado aos efectos do artigo 2 do RD 1174/1987).”

En Pontedeume, asinado dixitalmente na na data que figura na marxe polo funcionario/a tramitador así como pola Secretaria Xeral do concello de Pontedeume Dona Ana Ramos Ramos. (Asinado aos efectos do artigo 2 do RD 1174/1987).